

Cooperativismo e Economía Social, nº 35 (2012-2013), pp. 93-95

MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS POLA ORDE DE 31 DE MAIO DE 2012 NO MODELO ORIENTATIVO DE ESTATUTOS SOCIAIS DA SOCIEDADE COOPERATIVA ESPECIAL

Elena SALGADO ANDRÉ

Co propósito de axilizar o proceso de constitución das sociedades cooperativas, flexibilizar o seu funcionamento orgánico e modernizar o seu réxime económico, a Lei 8/2006, de 23 de decembro, de sociedades cooperativas especiais, crea un novo modelo de sociedade cooperativa —a sociedade cooperativa especial— que da resposta ás necesidades económicas dos seus socios e, en xeral, satisfai calquera tipo de necesidade empresarial. Pois ben, o apartado 3 do seu artigo 6 dispón que “por Orde da Consellería competente en materia de sociedades cooperativas aprobarase un modelo orientativo de estatutos sociais da sociedade cooperativa especial que estará dispoñible por medios telemáticos”.

Xustamente para dar cumprimento a esta obrigaón, adoptouse a Orde de 23 de maio de 2007, polo que se aproba o modelo orientativo de estatutos sociais da sociedade cooperativa especial. A Orde contén as previsións estatutarias esenciais necesarias para regular o funcionamento deste tipo de entidades, establecendo que no non previsto aplicarase a xa citada Lei 8/2006, así como a Lei 2/1998, de 26 de marzo, de Sociedades Cooperativas de Extremadura. Na medida en que esta última foi reformada urxentemente mediante Decreto-Lei 1/2011, de 11 de novembro, resultaba necesario modificar o modelo orientativo de estatutos sociais da sociedade cooperativa especial. Para iso, apróbase a Orde de 31 de maio de 2012 que modifica o Anexo da Orde de 2007 e, máis concretamente, os artigos 10, 13, 16, 17, 18 e a segunda nota referente ás Sociedades Cooperativas de explotación comunitaria da terra.

Así as cousas, dentro do artigo 10 (“Baixa Voluntaria”), cámbiase a redacción do seu apartado 2 ao que se lle engade unha nova causa —a transforma-

ción de achegas— que vén a engrosar a lista de supostos nos que a baixa non se considera xustificada. De forma que, con independencia de que o socio poida darse de baixa voluntariamente na cooperativa en calquera momento, se alega a transformación de achegas como motivo para cursar a mesma será cualificada como baixa inxustificada.

O apartado 6 do artigo 13 (“Asemblea Xeral”) establece que, á marxe dos supostos xa previstos, será necesaria a maioría dos dous terzos dos votos presentes e representados para aprobar a transformación das achegas con dereito de reembolso en caso de baixa en achegas cuxo reembolso en caso de baixa poida ser rehusado incondicionalmente polo órgano de administración e representación ou a transformación inversa.

O artigo 16 (“Capital Social”), logo de afirmar que o capital social estará constituído polas achegas dos socios, aclara que ditas achegas serán de dous tipos: achegas con dereito de reembolso en caso de baixa e achegas cuxo reembolso en caso de baixa pode ser rehusado incondicionalmente polo órgano de administración e representación. A continuación, no apartado 2, engade que a Asemblea Xeral poderá proceder á transformación dunhas achegas noutras cando conte co voto favorable dos dous terzos dos votos presentes e representados. Agora ben, o socio que fixese constar de forma expresa a súa disconformidade co acordo, ou o ausente por causa xustificada, ten un prazo dun mes para darse de baixa da cooperativa coa cualificación de xustificada.

Dentro do artigo 17 (“Achega obligatoria minima”), introdúcese un novo apartado para regular as achegas ao capital dos novos socios. En tal suposto, as achegas efectuaranse con carácter preferente mediante a adquisición daquelas cuxo reembolso fose solicitado con motivo da transformación dun tipo das achegas noutra. Polo demais, dita adquisición producirase por orde de antigüidade das solicitudes de reembolso e, no caso de que as solicitudes teñan a mesma data, distribuirase en proporción ao importe das achegas.

Finalmente, o artigo 18 (“Reembolso e transmisión das achegas”) contén as condicións e prazos para proceder ao reembolso das achegas unha vez finalizada a relación societaria. Así, nas achegas obrigatorias con dereito de reembolso en caso de expulsión poderase practicar unha dedución de ata un 30% e devolver as cantidades no prazo de 5 anos, e, para o suposto de baixa obligatoria ou voluntaria non xustificada, unha dedución do 20% e devolver as cantidades no prazo de 3 anos ou de 1 tratándose de baixa xustificada ou defunción. Agora ben, se a baixa débese á transformación dunhas achegas noutras, a Asemblea poderá fixar a porcentaxe máxima de capital social que

será devolto no exercicio económico, de forma que o importe pendente se reembolsará no seguinte por orde de antigüidade das solicitudes de reembolso ou, na súa falta, da data da baixa. No que respecta ás achegas voluntarias, se reembolsarán nas condicións que sinala o acordo de emisión ou conversión, tendo en conta que o prazo máximo para o reembolso das achegas en caso de transformación dunhas noutras será de 5 anos a contar desde a data da baixa.

Por outra banda, nas achegas, xa sexan de carácter voluntario ou obrigatorio, cuxo reembolso en caso de baixa pode ser rehusado incondicionalmente polo Órgano de Administración aplícanse os mesmos criterios que nas achegas con dereito de reembolso á hora de proceder á liquidación das cantidades, aínda que o prazo computarase desde a adopción do acordo de reembolso polo Órgano de Administración.